

Axudas para a obtención dos permisos de condución clases B, C e D á mocidade galega inscrita no SNGX (BS321A)

Consellería de Política Social e Xuventude

Obxecto

Axudas para a obtención dos permisos de condución das clases B, C e D por parte das persoas mozas residentes en Galicia, coa finalidade de mellorar a súa autonomía, mobilidade e a súa empregabilidade.

Contía da axuda

- 400 € para a obtención do permiso de condución de clase B
- 650 € para o permiso de clase C
- 1.300 € para o permiso de clase D

O importe da axuda será acumulativo no caso de que unha mesma persoa solicite axuda para ambos permisos.

Persoas destinatarias e requisitos

Persoas mozas que cumpran os seguintes requisitos na data de presentación da solicitude:

- a. Ter cumpridos os 18 anos, sen prexuízo da idade mínima para a obtención do permiso de clase C e que non superen a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil.
- b. Estar empadroadas na CA de Galicia cunha antigüidade mínima dun ano.
- c. Estar inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (SNGX) e figurar como beneficiarias no ámbito da CA de Galicia.
- d. Teñan o/os permiso/s para o/os cal/es se solicita a axuda con data de expedición entre o 1 de decembro de 2021 e a data de presentación da solicitude.

Compatibilidade da axuda

A obtención desta subvención é compatible con outras outorgadas coa mesma finalidade por todo tipo de organismos públicos ou privados nacionais, da UE ou de organismos internacionais, sen que en ningún caso o seu importe poida ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obtención do permiso de condución que se solicite.

Presentación das solicitudes (BS321A)

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- a. Autorización temporal para conducir expedida pola Dirección Xeral de Tráfico, no caso de que a persoa solicitante teña aprobado o/os carné/s obxecto da solicitude pero o documento aínda non fose expedido.
- b. Anexo II (certificado da autoescola ou centro de formación que reflicta a data da matriculación para a obtención do/dos permiso/s de conducir obxecto da solicitude).
- c. d) Anexo III (cuestionarios relativos aos indicadores de produtividade e de resultado inmediato)

Prazo

Ata o 29 de outubro de 2022

Normativa

ORDE do 14 de setembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para facilitar a obtención dos permisos de conducción das clases B, C e D á mocidade galega, dirixidas ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, Programa operativo de emprego xuvenil 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento BS321A) (DOG nº 185 do 28/09/2022)

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220928/AnuncioG0657-150922-0003_gl.pdf

Máis información

Servizos sociais do Concello de Touro

Teléfono: 981504029. Extensión 1